

# PLAN DIXITAL



## CEIP Josefa Alonso de Alonso

Versión 1.0 \_ 10 de xuño de 2022

## Índice do Plan Dixital

<b>1. Introducción</b>	<b>3</b>
1.1. Datos básicos do centro.	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo.	4
1.3. Breve xustificación do mesmo	5
1.4. Proceso de elaboración	6
<b>2. Situación de partida</b>	<b>6</b>
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	6
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	8
2.3. Análise DAFO	10
<b>3. Plan de Acción</b>	<b>13</b>
3.1. Obxectivos, indicadores e accións	13
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	18
<b>4. Avaliación do plan</b>	<b>21</b>
<b>5. Difusión do plan dixital</b>	<b>24</b>

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro.

O CEIP Josefa Alonso de Alonso (código 36010459) é un centro público dependente da Consellería de cultura, educación e universidade emprazado á altura do número 14 da rúa Manuel Cominges, no barrio de Matamá, sito no concello de Vigo (provincia de Pontevedra). Ubicación xeoposicionada en google e publicada na propia web do centro con URL <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/20> dentro do bloque "O centro" no elemento do menú "Localización".

Os datos de contacto son:

📮 Dirección postal:

**CEIP JOSEFA ALONSO DE ALONSO**  
Rúa Manuel Cominges n.º 14  
CP 36213  
Vigo - Pontevedra

✉ Correo electrónico: [ceip.josefa.alonso@edu.xunta.gal](mailto:ceip.josefa.alonso@edu.xunta.gal)

☎ Teléfono: 886 120 246

O centro cumpre todo o marcado no Real Decreto 132/2010 polo que se establecen os requisitos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria. Trátase dun CEIP de 1 liña, con 9 unidades. Este curso escolar o centro conta con 138 alumnos, 46 de Educación Infantil e 92 de Educación Primaria, distribuídos do seguinte xeito:

CURSO	4ºEI	5ºEI	6ºEI	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP
Nº alumnos	11	14	21	16	14	11	16	20	15

O cadro do profesorado actual do centro está composto por 17 mestres:

NIVEL/Especialidade	GRUPO	MESTRA
EDUCACIÓN INFANTIL	4º EI	Marta López Belsol
	5º EI	Patricia Rodríguez Hermelo
	6º EI	Sonia Medina Sola
	Apoio	Natalia Conde Soutiño

NIVEL/Especialidade	GRUPO	MESTRA
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º EP	Ana Belén González Novoa (Directora)
	2º EP	Alba Prado Otero
	3º EP	Marta Prado González (Xefa de estudos)
	4º EP	Paula Vázquez Estévez
	5º EP	Mª Jesús Costas Seijo
	6º EP	Noemí Teresa Rodríguez Solla
INGLÉS		Susana Álvarez Graña
MÚSICA		Raquel Valle Martínez
EDUCACIÓN FÍSICA		Javier López Domínguez
PT		Raquel Valcarce Fernández (Secretaria)
AL		Alexandra Ben García (compartida con outro centro)
RELIXIÓN		Celia Moure Vázquez (compartida con outro centro)
ORIENTACIÓN		Mª Gloria García Fernández (compartida e con base noutro centro)

Ademais nos últimos cursos ven contando con mestres/as vinculados aos programas ARCO e PROA+.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo.

A parroquia de San Pedro de Matamá esténdese ao longo de 4,67 quilómetros cadrados en suave pendente ata a beira do Lagares. A parroquia conta cun importante patrimonio arqueolóxico que mostra a existencia de asentamentos na zona xa na Idade do Bronce. Doutra banda, son numerosas as fontes e lavadoiros catalogados na zona, separadamente dos muíños de auga dos barrios da Balsa e das Carneiras.

O número de habitantes rexistrado no último censo é de 4.275. A maioría das familias traballan en industrias próximas, no sector de servizos ou como traballadores autónomos. O nivel cultural é medio. A maior parte dos pais/nais teñen un nivel académico de estudos básicos; aínda que é difícil xeneralizar, xa que son bastante heteroxéneas.

As actividades socio-culturais organízanse en torno á asociación de veciños: A Unión e a sociedade cultural e deportiva Atlántida. Cabe destacar que a parroquia mantén tradicións moi arraigadas en Galicia como festas tradicionais (sementeira, maíos, etc.) e diferentes actos musicais. A banda de música é referente no panorama musical provincial e autonómico.

O presente Plan Dixital incardínase dentro da liña marcada no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual contribuíndo ao desenvolvemento dos diversos plans e proxectos do centro:

- Plans anuais de lectura, incluído o proxecto lector do centro.
- Plan de dinamización da Lingua Galega.
- Plan de atención á diversidade.
- Plan de Convivencia.
- Programas de innovación educativa: PLAMBE, ARCO e PROA+
- Outros proxectos de centro vinculados ás actividades complementarias relacionadas coas conmemoracións escolares: Samaín, Magosto, Día internacional contra a violencia de Xénero, Día da declaración dos Dereitos humanos, Nadal, día da Paz, Entroido, Semana da Prensa, Día da Muller Traballadora, Día do Libro, Semana Cultural, Día das Letras Galegas, Día mundial do medio ambiente.

Por último, o Plan Dixital potenciará directamente o Plan de dinamización das TIC de xeito que supoña un importante impulso para a implantación necesaria e definitiva das novas tecnoloxías na vida cotiá de toda a comunidade escolar.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

O plan dixital se enmarca dentro do actual marco normativo da lexislativo vixente. Seguindo un orde de maior a menor rango, estaría rexido polas seguintes leis:

- *A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación especifica que se debe promover o uso das TIC como medio didáctico tratando de contribuír a minimizar os efectos da fenda dixital por xénero ou outros aspectos socioculturais. (art 111 bis). Tamén incide en fomentar a confianza e a seguridade no uso das tecnoloxías, prestando especial atención ás situacións de violencia na rede e observando o respecto á normativa reguladora da información dixital e os dereitos de propiedade intelectual ademais de concienciar sobre o respecto dos dereitos de terceiros. O acceso ás novas tecnoloxías basearase nos principios de non discriminación impulsando un compromiso educativo entre familias e centro e neste contexto, deben atender á diversidade propoñendo modelos de programación e materiais accesibles (art. 121). Para estes fins, a dirección do centro dirixirá, promoverá e coordinará a innovación educativa (art 132).*
- Neste marco lexislativo nacional, a Comunidade Autónoma de Galicia publicou a *Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación*

*Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.* Nesta normativa autonómica se regula a elaboración por parte dos centros docentes durante o curso 2021/22 do plan dixital (Disposición adicional quinta).

- Por último, a *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022* establece que a coordinación do plan dixital será realizado polo **equipo de dinamización do Plan Dixital** formado pola persoa directora do centro e outra persoa do claustro, que no caso do noso centro é a persoa coordinadora do equipo TIC. Ademais forman parte do equipo de dinamización o resto de membros do equipo TIC do centro, que engloba a todos os membros do claustro por decisión do mesmo.

## 1.4. Proceso de elaboración

Seguindo as instrucións da resolución do 3 de setembro de 2021 o proceso de elaboración do plan dixital levado a cabo polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital seguiu as seguintes fases:

- Fase de **análise** da situación do centro a través de 2 instrumentos:
  - Informe SELFIE.- con achegas de equipo directivo, alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e todo o profesorado do centro.
  - Test CDD.- Realizado por todo o profesorado do centro.
- Fase de **diagnose** de situación do centro.
  - Informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (en adiante DAFO).- elaborado polo equipo de dinamización do plan dixital.
- Fase de **elaboración** do Plan Dixital.
  - Deseño do plan de acción.- polo equipo de dinamización do plan dixital.
  - Elaboración do Plan dixital propiamente dito.- equipo de dinamización do plan dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta con **infraestrutura dixital** de datos cableada e sen fíos, ademais de infraestrutura de telefonía (cunha liña de teléfono). Cabe destacar que o centro está composto por dous bloques distintos, un formado por tres edificios anexos entre si, e que a estrutura dixital sen fíos é moi inestable e inexistente nalgunhas zonas do centro.

## 2.1.1. Equipamento.

Na actualidade o **equipamento** dispoñible consiste en:

AULA	ORDENADOR	PORTÁTIL	TABLET	PDI	PROXECTOR	OUTROS
<b>BIBLIOTECA</b>		5			1	1 impresora 1 impresora
<b>infantil 3a</b>		1			1	
<b>infantil 4a</b>		1		1	1	Altosfalantes
<b>infantil 5a</b>		1		1	1	
<b>1° EP</b>		1		1	1	
<b>2° EP</b>		1		1	1	
<b>3° EP</b>		1		1	1	
<b>4° EP</b>	1	1 - 1		1	1	
<b>5° EP</b>	3	1		1	1	
<b>6° EP</b>		2		1	1	
<b>Orientación</b>	1					
<b>Música</b>		1		1	1	
<b>Inglés</b>	1	1			1	
<b>Relixión</b>		1				
<b>Apoio Infantil</b>	1					
<b>Audición e Ling.</b>		1				
<b>Pedagogía Ter.</b>	1	1		1	1	
<b>Sala Profesores</b>	2 - 1					
<b>Secretaría</b>		1				
<b>Dirección</b>		1				1 impresora
<b>Xef. estudos</b>	1					
<b>Ximnasio</b>		1				
<b>Kits informáticos (fenda dixital)</b>		6				
<b>TOTAL</b>						

Lenda:

Verde: estado bo.

Amarelo: estado bo pero ten máis de 10 anos.

Vermello: obsoleto, desuso, non funciona...

## 2.1.2. Servizos dixitais educativos

O centro tamén conta con **servizos dixitais educativos**: servizos **corporativos** e non corporativos que facilitan a xestión docente:

- Corporativos: páxina web do centro (Drupal), aula virtual (Moodle), AbalarMóbil para as familias, abalarPro para o profesorado, espazoAbalar para o profesorado, servizo de videoconferencia, correo corporativo "@edu.xunta.gal".
- Non corporativos: contas google do centro, blogs de Normalización e Biblioteca e de Orientación.

## 2.1.3. Xestión do mantemento do equipamento do centro

A xestión do mantemento do equipamento do centro é levada a cabo polo equipo directivo en colaboración co equipo TIC. O mantemento dos equipos facilitados pola administración corre a cargo a Unidade de Atención a Centros (UAC), mentres que o mantemento dos equipos mercados polo centro corre a cargo dun servizo externo contratado polo mesmo.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para elaborar a análise DAFO realizouse unha análise cuantitativa baseada nos resultados numéricos derivados do informe extraído do test SELFIE e do test CDD.

Observando o resumo das áreas, así como os resultados do test CDD, os distintos sectores da comunidade escolar que realizaron o test obtiveron os resultados que se reflicten nas seguintes táboas:

Táboa 1. Puntuación obtida por cada sector da comunidade escolar nas diversas áreas SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas Infantil e Primaria
A - Liderado	Equipo Direct.	2.5
	Profesorado	3.2
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	2.5
	Alumnado	2.8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.3
	Profesorado	3
	Alumnado	3



Areas	Grupos	Ensinanzas Infantil e Primaria
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.5
	Alumnado	
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.8
	Alumnado	
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	2.1
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.4
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2.1
	Profesorado	2.3
	Alumnado	
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	1.9
	Profesorado	2.8
	Alumnado	3.1

Táboa 2. Participación no Test CDD segundo o perfil do profesorado:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	10	11	90,9%
<b>PROVISIONAL</b>	3	3	100%
<b>INTERINO</b>	1	2	50%
<b>OUTROS</b>	1	1	100%

Táboa 3. Datos do Test CDD sobre Puntuación e nivel de competencia do centro:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
70,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Táboa 4. Datos do Test CDD sobre puntuación e nivel de competencia por etapas:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	59,6	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Prim.	72,9	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Táboa 5. Datos do Test CDD sobre distribución do profesorado por niveis:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a A2	6	40%
Integrador/a B1	7	46,7%
Experto/a B2	2	13,3%
<b>TOTAL</b>	<b>15</b>	<b>100%</b>

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da súa realidade no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

Para elo, levouse a cabo unha parametrización partindo da media obtida en cada área e, observando a desviación obtida en cada ítem con respecto á puntuación de referencia. Clasificáronse os aspectos internos dos diferentes ítems como fortalezas ou debilidades, e os aspectos externos como oportunidades ou ameazas.

Táboa 6. Aspectos internos: fortalezas e debilidades:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
C A T E G O RÍ A S	<b>INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO</b>	C2,3,5,7. Dispositivos, acceso a Internet no centro, sistemas de protección de datos, asistencia técnica xestionada polo centro.	C15. Tecnoloxías asistencias para ANEAE. C16. Repositorios ou bibliotecas en liña.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	A5. Dereitos de autor e licenzas de uso. B1. Avaliación dos progresos en materia de ensinanza - aprendizaxe. B2. Debate sobre o uso das TIC. D3. Intercambio de experiencias dentro do centro. E1,4. Recursos educativos en liña e tecnoloxías para a comunicación no centro. F1,4,5. Actividades de aprendizaxe dixitais que	D1,2. Reflexión sobre as necesidades de DPC e acceso ás mesmas. E2,3. Creación de recursos dixitais e contornas virtuais de aprendizaxe. F6. Proxectos interdisciplinares. G. Prácticas de avaliación, información e retroalimentación do alumnado. Avaliación entre iguais.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
		<p>implican ao alumnado, facilitan a colaboración e adáptanse ás súas necesidades.</p> <p>G. Avaliación das habilidades do alumnado e tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe.</p> <p>Emprego de software libre no ámbito educativo.</p>	
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>	<p>H1,3,4. Comportamento seguro e responsable. Verificación da calidade da información atopada.</p> <p>H8,10. Comunicación con tecnoloxías dixitais e habilidades dixitais en distintas materias.</p> <p>Uso de software libre.</p>	<p>H6,7. Verificación de datos e creación de contidos dixitais.</p> <p>H11,13. Codificación ou programación. Resolución de problemas técnicos.</p> <p>Uso das tecnoloxías dixitais para mellorar a aprendizaxe colaborativa activa e autónoma.</p>
	<b>FAMILIAS</b>	Emprego de software libre no ámbito educativo.	Baixa competencia dixital. Acceso limitado do alumnado ás tecnoloxías dixitais e a unha conexión estable.
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>A2. Colaboración entre equipo directivo e profesorado.</p> <p>C11. Medidas para identificar as necesidades do alumnado.</p>	A1. Estratexia dixital.

Táboa 7. Aspectos externos: oportunidades e ameazas:

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>C A T E G O RÍ A S</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<p>Emprego de servizos dixitais educativos corporativos.</p> <p>Participación en actividades de formación.</p> <p>Seguimento das tarefas do alumnado a través da aula virtual do centro.</p> <p>Uso de AbalarMóbil para o contacto co centro.</p>	<p>A4. Insuficiente tempo para explorar novas modalidades de ensino.</p> <p>C1. Desactualización de equipamentos e as redes.</p> <p>C8,10. Dispositivos insuficientes para que todo o alumnado que o precise o utilice ou o leve a casa.</p> <p>C14. Espazos físicos que faciliten a ensinanza-aprendizaxe con</p>

			tecnoloxías dixitais. As diferentes modalidades de formación non se axustan ás necesidades formativas en competencia dixital do profesorado.
<b>LEXISLACIÓN</b>	Coñecemento da normativa relativa a adquisición de equipamento informático para os centros educativos.		
<b>CONTORNA</b>			C13. Imposibilidade de traer os seus propios dispositivos debido ao nivel socio-económico das familias.
<b>ANPA</b>	Participación activa dende os servizos dixitais existentes (páxina web, aula virtual...).		
<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	B3. Uso de tecnoloxías dixitais en comunicacións.		B4. Colaboración con outras organizacións.

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos dispoñibles no momento de elaboración do presente Plan Dixital.

O Plan de Acción que se expón a continuación supón unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles na actualidade tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partires dos resultados do DAFO o equipo de dinamización do plan dixital priorizou as necesidades detectadas nas diversas áreas do marco europeo para organizacións educativas dixitalmente competentes (en adiante DigCompOrg) e diagnosticou os diversos ítems a mellorar situándoos por orde de prelación do seguinte xeito:

Orde	ÍTEMS	ÁREAS
1º	C14. Espazos físicos.	C. INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO.
2º	E2. Creación de recursos dixitais.	E. PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS
3º	G3. Retroalimentación adecuada.	G. PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN

Táboa 8. Orde de prelación de áreas e ítems do informe SELFIE.

A partires de esta reflexión se redactaron os seguintes obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal, é dicir, temporizados (en adiante obxectivos SMART) prioritarios:

1. Reorganizar os espazos do centro educativo para facilitar a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.
2. Elaboración dun banco de recursos educativos propios na Aula Virtual do centro para consulta e utilización de todo o Claustro e posterior posta en práctica na aula co alumnado.
3. Empregar rúbricas para a avaliación de traballos facilitando retroalimentación axeitada ao alumnado en entorno Moodle.

Nas táboas das páxinas 15 en adiante aparecen secuenciadas e temporizadas as accións para acadar cada obxectivo, os valores de partida e o valor previsto a acadar no tempo marcado. Ademais tamén se especifican os responsables das mesmas e a previsión de recursos necesarios.

"Área/s de mellora": Área C: Infraestrutura e equipamento (C14)							
<b>● OBXECTIVO (1):</b>	Reorganizar os espazos do centro educativo para facilitar a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo e coordinador/a TIC.					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Reorganización dos espazos do centro educativo.						
<b>Valor de partida (3)</b>	Non hai espazos do centro educativo para aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	1 espazo reorganizado para aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
<b>AO1.1:</b> Realizar un estudo de reorganización dos espazos do centro.	Equipo directivo e coordinador/a TIC. Consellería de Cultura, Educación e Universidade.	31/12/2022	Espazos obsoletos do centro. Inventario.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO1.2:</b> Creación dunha aula dixital de uso común.	Persoa Coordinadora TIC. Equipo directivo.	31/03/2023	Aula dixital e restantes aulas do centro educativo, co equipamento básico necesario.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO1.3:</b> Dotar aos espazos tecnolóxicos co equipamento básico.	Equipo directivo e coordinador/a TIC. Consellería de Cultura, Educación e Universidade.	30/06/2023	Espazos dispoñibles para colocar equipos. Ordenadores.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO1.4.:</b> Elaboración dun Protocolo e horario de uso e/ou empréstito do material dixital.	Persoa Coordinadora TIC. Equipo directivo	30/01/2023	Coordinador/a de TIC. Equipo directivo.		<b>Pendente</b>		
					<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		

"Área/s de mellora": Área E: Pedagogía: apoyos y recursos. (E2).						
<b>● OXECTIVO (1):</b>	Elaboración dun banco de <b>recursos educativos propios</b> na Aula Virtual do centro para consulta e utilización de todo o Claustro e posterior posta en práctica na aula co alumnado.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador Tic				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OXECTIVO (2)</b>	Número de recursos educativos creados/docente participante					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 recursos educativos creados/docente participante					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	10 recursos educativos creados/docente participante			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Detección de necesidades formación para logo solicitar formación ao respecto nun PFPP de liña dixital.	Claustro do centro, equipo directivo, coordinador Tic	30/09/2022	Acta de reunión. Internet. ordenadores.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.2: Solicitud dun PFPP para afondar no uso de ferramentas para a creación de recursos educativos segundo as necesidades de formación detectadas.	Coordinador de formación do centro.	10/10/2022	PFPP: CFR/Consellería. Internet, formulario de solicitud, ordenadores.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.3: Creación na A.V. do centro dun espazo colaborativo para subir todo o material elaborado nas sesións de traballo do PFPP.	Coordinador Tic	30/10/2022	Aula Virtual. Ordenadores. Internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

AO2.4.: Sesións de formación desas ferramentas dixitais e elaboración de recursos.	Equipo directivo Participantes no PFPP Coordinador do PFPP do centro.	30/06/2023	Aula Virtual. Ordenadores. Internet. Recursos dixitais creados.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.5: Implementación, transferencia e posta en práctica na aula dos recursos creados no PFPP.	Equipo directivo Participantes no PFPP Coordinador do PFPP do centro.	30/06/2023	Aula Virtual. Ordenadores. Internet. Recursos dixitais creados.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.6: Valoración da formación e da transferencia na aula dos recursos creados a través de rúbricas.	Equipo directivo Participantes no PFPP Coordinador do PFPP do centro.	30/06/2023	Aula Virtual. Ordenadores. Internet. Rúbricas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

**"Área/s de mellora": G. PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN. (G3)**

<b>● OBXECTIVO (1):</b>	Empregar <b>rúbricas para a avaliación</b> de traballos facilitando retroalimentación axeitada ao alumnado en entorno Moodle			Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Persoa Coordinadora TIC.			Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de rúbricas base/modelo compartidas en formato dixital.				
<b>Valor de partida (3)</b>	Non existen rúbricas base/modelo compartidas.				
<b>Valor previsto e data (4)</b>	2 rúbricas base/modelo consensuada e compartida en formato dixital para cada nivel educativo			30/06/2023	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>					
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>	
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>



AO3.1: Matrícula do alumnado na AV Moodle do centro.	Persoa coordinadora TIC	30/09/2022	Aula Virtual. Ordenadores. Conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Creación de cursos na AV Moodle do centro para alumnado.	Profesorado das diferentes materias co asesoramento do coordinador/a TIC e supervisión da X.E.	30/09/2022	Curso creado na AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Formación en xestión de cualificación e emprego de rúbricas en cursos Moodle materia e curso creados polo profesorado.	Equipo dinamización Plan Dixital. CFR	31/12/2022	Rúbricas de avaliación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Elaboración de rúbricas base para traballos en diferentes niveis educativos	Docentes dos niveis educativos. Coordinadores/as de nivel.	30/01/2023	Rúbricas de avaliación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.5: Incorporación das rúbricas base elaboradas na CCP coma rúbricas compartidas en Moodle.	Coordinador TIC	30/06/2023	Rúbricas de avaliación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación inclúese **unha táboa** na que se especifican as necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas necesarias para o logro e consecución dos obxectivos marcados polo centro no plan dixital.

Para a clasificación por categorías e tipo tomáronse como referencia as indicacións establecidas no documento proporcionado por Servizos Centrais a través do taboleiro de anuncios da Aula Virtual do equipo ADIX Vigo 1 coas recomendacións de AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas			
ORIXE	DOTACIÓN	NECESIDADE	FINALIDADE
Aula informática	Non contamos con aula de informática. Temos 6 ordenadores de mesa antigos repartidos polas distintas aulas para traballo co alumnado e a maioría están en mal estado ou desuso porque son demasiado vellos e están obsoletos.	<p>Recursos dixitalizados variados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 8 Portátiles</li> <li>• 4 iPads</li> <li>• 1 Encerado dixital interactivo.</li> <li>• 1 Canón.</li> <li>• Cableado e colocación de enchufes.</li> </ul> <p>Mobiliario:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mesas abatibles e portátiles</li> <li>• Cadeiras lixeiras e apilables.</li> <li>• Lousa branca.</li> </ul>	Crear un espazo para uso do alumnado/profesorad o cun mínimo de calidade e poder acadar os obxectivos que nos propoñemos no plan dixital.
Biblioteca	1 portátil para empréstitos e traballo de Biblioteca. 4 portátiles para uso co alumnado.	2 portátiles	Dinamizar o traballo na biblioteca facilitando o acceso á información dos usuarios en mellores condicións, prestando deste xeito un mellor servizo ao alumnado.

		4 iPads	Poder utilizarlos nos proxectos por ser versátiles e poder transportarse para ser utilizados en diferentes contextos.
		1 encerado dixital interactivo	Como ferramenta dos procesos de aprendizaxe.
Equipamento para o traballo docente	10 portátiles para traballo do profesorado dentro das aulas e a maioría deles están en mal estado ou desuso porque son demasiado vellos e están obsoletos.	6 portátiles	Renovar os equipos do profesorado nas aulas para o desenvolvemento correcto do traballo diario co alumnado.
Sala de mestres	2 ordenadores de mesa e 1 máis que non funciona	2 ordenadores de mesa	Dotar a sala de mestres dos equipos necesarios para levar a cabo as tarefas diarias do mestrado.
Todo o centro	Infraestrutura de datos e conexións cableadas.	Mantemento e mellora que permita a suficiente calidade na velocidade e estabilidade das conexións de datos no centro. Mantemento dos dispositivos dixitais de acceso á rede.	Contar cunha boa conexión a Internet en todos os espazos do centro.
<b>SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS</b>			
<b>Corporativos</b>	Plataforma de almacenamento de datos de xeito efectivo.	Creación de conta Aqueiro	Plataforma onde almacenar contidos dixitais
<b>Non corporativos</b>	Plataformas de traballo colaborativo.	Rexistro de contas para o traballo na creación de contidos	Crear contidos dixitais interactivos

		dixitais: Canva, Genially, Liveworksheet...	
--	--	---	--

Recóllese ademais, a continuación, unha táboa na que se especifican concretamente as **necesidades de cada espazo do centro**:

ESPAZO	NECESIDADES CONCRETAS
<b>Aulas de Infantil</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 portátil</li> <li>• 1 Encerado dixital interactivo</li> <li>• Altofalantes</li> </ul>
<b>Aulas de Primaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 portátil</li> <li>• 1 Encerado dixital interactivo</li> </ul>
<b>BIBLIOTECA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 Encerado dixital interactivo</li> <li>• 2 portátiles</li> <li>• 4 iPads</li> </ul>
<b>Aula de música</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 portátil</li> </ul>
<b>Aula de inglés</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 Encerado dixital interactivo</li> <li>• 1 portátil</li> </ul>
<b>Aula de usos múltiples</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 Encerado dixital interactivo</li> <li>• 1 Canón</li> </ul>
<b>Aulas de PT e AL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 Encerados dixitais interactivos</li> <li>• 1 Canóns</li> <li>• 2 ordenadores portátiles</li> </ul>
<b>SALA DE MESTRES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 2 ordenadores de traballo</li> </ul>
<b>Aula de informática</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 8 Portátiles</li> <li>• 4 IPads</li> <li>• 1 Encerado dixital interactivo.</li> <li>• 1 Canón.</li> <li>• Cableado e colocación de enchufes.</li> <li>• Mesas abatibles e portátiles</li> <li>• Cadeiras lixeiras e apilables.</li> <li>• Lousa branca.</li> </ul>
<b>Outros recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 iPad por grupo de alumnado para a implantación do portfolio no centro (9 unidades).</li> </ul>

## 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan dixital e da consecución dos obxectivos levarase a cabo tendo como referente os valores previstos para os indicadores dos obxectivos establecidos.

Avaliarase tanto o proceso, como a consecución do obxectivo ao final do propio proceso. Polo tanto estableceranse **dous tipos de avaliación**:

- **Avaliación procesual.**- realizarase ao final de cada trimestre e incluírán o estado da execución das accións, a análise e a valoración dos resultados. De ser o caso, tamén as posibles modificacións das accións (e os motivos) e as propostas de mellora.
- **Avaliación final.**- realizarase a final de curso e incluírá a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Con esta finalidade achéganse as seguintes táboas:

- ☛ Escala de Likert en 4 niveis para a avaliación procesual.
- ☛ Táboa tricotómica para avaliación final.

Avaliación procesual					
Accións	Levou se a cabo con éxito.	Levou se a cabo con éxito modificando a planificación inicial.	Levou se a cabo sen éxito	Non se levou a cabo	Observacións <i>(modificacións e motivos das mesmas ou propostas de mellora)</i>
<b>1º trimestre</b>					
AO1.1: Realizar un estudo de reorganización dos espazos do centro.					
AO2.1: Detección de necesidades formación para logo solicitar formación ao respecto nun PFPP de liña dixital.					
AO2.2: Solicitud dun PFPP para afondar no uso de ferramentas para a creación de recursos educativos segundo as necesidades de formación detectadas.					

## Avaliación procesual

Accións	Levou se a cabo con éxito.	Levou se a cabo con éxito modificando a planificación inicial.	Levou se a cabo sen éxito	Non se levou a cabo	Observacións (modificacións e motivos das mesmas ou propostas de mellora)
AO2.3: Creación na A.V. do centro dun espazo colaborativo para subir todo o material elaborado nas sesións de traballo do PFPP.					
AO3.1: Matrícula do alumnado na AV Moodle do centro.					
AO3.2: Creación de cursos na AV Moodle do centro para alumnado.					
AO3.3: Formación en xestión de cualificación e emprego de rúbricas en cursos Moodle materia e curso creados polo profesorado.					
<b>2º e 3º Trimestres</b>					
AO1.2: Creación dunha aula dixital de uso común.					
AO1.3: Dotar aos espazos tecnolóxicos co equipamento básico.					
AO2.4.: Sesións de formación desas ferramentas dixitais e elaboración de recursos.					
AO2.5: Implementación, transferencia e posta en práctica na aula dos recursos creados no PFPP.					
AO2.6: Valoración da formación e da transferencia na aula dos recursos creados a través de rúbricas.					

Avaliación procesual					
Accións	Levou se a cabo con éxito.	Levou se a cabo con éxito modificando a planificación inicial.	Levou se a cabo sen éxito	Non se levou a cabo	Observacións (modificacións e motivos das mesmas ou propostas de mellora)
AO3.4: Elaboración de rúbricas base para traballos en diferentes niveis educativos					
AO3.5: Incorporación das rúbricas base elaboradas na CCP coma rúbricas compartidas en Moodle.					

Avaliación final				
Valor previsto	Realizada	Aprazada	Pendente	Observacións
Conseguíuse un espazo reorganizado para aprendizaxe con tecnoloxías dixitais?				
Creáronse 10 recursos educativos por docente no banco de recursos da Aula Virtual?				
Creáronse dúas rúbricas base/modelo consensuadas e compartidas en formato dixital para cada nivel educativo?				

## 5. Difusión do plan dixital

Neste ámbito será necesario:

- Definir os protocolos ou estratexias que serán necesarios para organizar as revisións do plan e aplicar as actualizacións oportunas, así como publicitar e difundir o plan dixital entre a comunidade educativa.

PROTOCOLOS OU ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL			
Acción	Destinatarios	Canle	Responsables
Difusión do Plan ao Claustro	Claustro de profesorado	Na reunión da comisión de Coordinación TIC da que forma parte todo o claustro a través dunha presentación	Coordinadora TIC
Difusión á Comunidade Educativa	Comunidade Educativa	Presentación ao Consello Escolar do Plan Dixital e difusión do mesmo na web do centro*	Equipo directivo Coordinadora TIC

*\*A este plan dixital daráselle publicidade e difusión entre toda a comunidade educativa por medio da súa publicación na páxina web do centro dentro do bloque "O centro" no elemento do menú "Documentos", na seguinte URL:*

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=taxonomy/term/42>